

## Formación profesional a distancia

# Guía para o alumnado dos cursos de FP a distancia

# Índice

---

<b>1.</b>	<b><u>Guía para o alumnado dos cursos de FP a distancia</u></b> .....	<b>3</b>
1.1	Introdución.....	3
1.2	Recomendacións.....	3
1.3	O contorno.....	4
1.3.1	Zona xenérica.....	5
	<u>Foro de novas</u> .....	6
	<u>Glosario</u> .....	6
1.3.2	Bloques de cada unidade didáctica.....	7
	<u>Orientacións</u> .....	7
	<u>Contidos</u> .....	8
	<u>Actividades de titoría colectiva</u> .....	8
	<u>Recursos</u> .....	8
	<u>Mapa conceptual</u> .....	9
	<u>Ligazóns externas</u> .....	9
	<u>Versión imprimible</u> .....	9
	<u>Avaliación</u> .....	10
	<u>Exame</u> .....	10
	<u>Tarefa</u> .....	10
<b>2.</b>	<b><u>Anexos</u></b> .....	<b>11</b>
2.1	Anexo 1. Entrega de tarefas.....	11
2.2	Anexo 2. Realización de exames.....	13
2.3	Anexo 3. Intervención nos foros.....	14

# 1. Guía para o alumnado dos cursos de FP a distancia

---

Con esta *guía do alumnado* o que se pretende é que dispoña dunha *referencia rápida* para que en calquera momento poida consultar ou lembrar como se realizaría calquera das tarefas.

## 1.1 Introducción

Este tipo de estudos require ter en conta unha serie de aspectos que os fan moi diferentes aos presenciais e que debe coñecer para entender a metodoloxía de estudo que se deseñou para eles.

A primeira apreciación do alumnado dos cursos en liña (a través de internet) é a sensación de soidade ante o curso, pero debe saber que esa sensación desaparece de inmediato, en canto coñeza un pouco o contorno no que se vai mover durante todo o curso e se familiarice coas principais ferramentas. Por iso, pretendeuse deseñar un contorno agradable, sinxelo e práctico, que lle permita seguir o curso doadamente.

Evidentemente, os titores e as titoras que vai atopar teñen como función a de axudalo e orientalo en todo momento para o aproveitamento do curso, polo que non debe dubidar en consultarlles calquera problema que poida xurdir; ademais, eles serán quen realice as cualificacións das súas tarefas.

## 1.2 Recomendacións

Antes de ver o que vai atopar, queremos facerlle unhas recomendacións sobre o seguimento do curso:

- Prepare unha mesa de traballo ampla na que poida traballar comodamente ante o computador.
- Intente axustar o seu horario para que sempre se dedique ao curso na mesma franxa horaria, e planifique de forma estrita as horas que lle vai dedicar semanalmente.
- Lea o seu correo electrónico cada día.
- Familiarícese coa plataforma, o seu funcionamento e as súas ferramentas.
- Participe nos foros do curso: halle axudar a vostede e aos seus compañeiros. Responda ás preguntas dos seus compañeiros se coñece a resposta ou cre coñecela. Teña en conta que dos erros apréndese.
- Acepte de bo grado a opinión dos titores e as titoras, e dos compañeiros e as compañeiras, aínda que non estea de acordo con elas, e teña en conta que nada lle impide debatelas.
- Respecte a todos os membros da comunidade educativa, tratando con cordialidade as persoas que pertencen a ela. No caso de haber situacións inaceptables, tomaríanse as decisións oportunas.

## 1.3 O contorno

Neste tipo de ensinanzas terase matriculado de un ou de varios módulos profesionais, cada un dos cales está deseñado como un curso en liña (a través de internet). Estes cursos atoparao na Aula Virtual da Plataforma Educativa, que se trata dunha zona restrinxida á que terá accedido mediante os datos que lle facilitaron tras formalizar a matrícula.

Logo de acceder ao curso correspondente do módulo profesional en que se matriculou, ha atopar unha pantalla similar a esta:

The screenshot displays the user interface of the 'A DISTANCIA' platform for the course 'Empresa e iniciativa emprendedora'. The top navigation bar includes the platform logo, the course title, and user information. A left sidebar menu lists various course elements like 'Participantes', 'Insignias', and 'Unidades didácticas'. The main content area is organized into sections: 'Área de comunicacións' with links to forums and resources, 'Unidade didáctica 1' containing 'UD 1. A iniciativa emprendedora', and 'Orientacións', 'Contidos', 'Actividades de tutoría colectiva', and 'Recursos'. The right sidebar provides additional features such as 'Actividades', a search bar for forums, course categories, and news/events.

Na parte da esquerda atopará un menú que pode ocultar ou visualizar desde o símbolo representado con tres raias horizontais na parte superior esquerda da plataforma:



Neste menú terá acceso á zona de xestión, que lle permite xestionar o seu curso, naqueles aspectos aos que ten acceso como:

- Participantes.
- Cualificacións.
- Acceso directo ás unidades didácticas.
- Guía do alumnado (documento que está a ler).
- Taboleiro.

Na parte da dereita aparecen diferentes bloques de notificacións así como de consulta:

- Actividades.
- Busca nos foros.
- Categorías dos cursos nos que está matriculado.
- Zona de notificación, composta por varios bloques: últimas noticias, próximos eventos, actividade recente, eventos do calendario e usuarios conectados.

Debe saber que cada módulo profesional está estruturado en unidades didácticas, todas elas cun aspecto moi similar, con mínimos cambios entre elas.

## Empresa e iniciativa emprendedora

---

### Área de comunicacións.

 Foro de novas.

### Recursos xerais.

 Recursos xerais.

 Glosario.

## Unidade didáctica 1

### UD 1. A iniciativa emprendedora

---


#### Orientacións.

 Orientacións para o alumnado. UD01.

#### Contidos.

 UD01. A iniciativa emprendedora.

#### Actividades de tutoría colectiva.

 Actividades presenciais da UD1 na tutoría colectiva.

#### Recursos.

 Foro para UD01.

 Mapa conceptual para UD01.

 UD01. Versión imprimible.

 Recursos complementarios UD01.

#### Avaliación.

 Tarefa para a UD01.

 Examen de la UD01.

### 1.3.1 Zona xenérica

Común a todo o módulo profesional atopará unha *zona xenérica* na parte superior, na que se sitúan tres elementos que pode consultar en calquera momento do curso, posto que van permanecer visibles ao longo de todo el.

## Empresa e iniciativa emprendedora

---

### Área de comunicacións.

 Foro de novas.

### Recursos xerais.

 Recursos xerais.

 Glosario.

## Foro de novas

É unha ferramenta moi útil que se utilizará para as mensaxes xerais destinadas a todos os participantes no curso. O máis útil é realizar avisos sobre eventos, novidades ou achegas que pode facer calquera participante.




Foro de novas.

Novidades e anuncios.

---

Debate Comezado por Último comentario ↓ Respostas

---

☆ Benvinda ao curso  9 de Set de 2020  9 de Set de 2020 0 

## Glosario

Permite consultar todos os termos do glosario que se utilizan en todas as unidades didácticas do módulo profesional. De todos os modos, non será o xeito habitual de consultalo; farao premendo sobre as ligazóns que atopará nos contidos e que amosarán a definición nunha ventá emerxente, tal e como se comenta máis adiante.

### Glosario.



 Versión preparada para impresora

Glosario de termos específicos do módulo profesional que está a cursar.

Buscar o texto completo

Explorar o glosario usando este índice

Especial | [A](#) | [B](#) | [C](#) | [D](#) | [E](#) | [F](#) | [G](#) | [H](#) | [I](#) | [J](#) | [K](#) | [L](#) | [M](#) | [N](#) | [Ñ](#) | [O](#) | [P](#) | [Q](#) | [R](#) | [S](#) | [T](#) | [U](#) | [V](#) | [W](#) | [X](#) | [Y](#) | [Z](#) | [TODAS](#)

Páxina: [1](#) [2](#) [3](#) [4](#) [5](#) [6](#) [7](#) [8](#) [9](#) [10](#) ... [21](#) (Seguinte)  
TODAS

### A

#### Accións (EIN\_EIE04)

Unha acción é un título que representa unha parte alicuota do capital social dunha sociedade anónima. Representa a propiedade que unha persoa ten dunha parte desa sociedade. Normalmente, salvo excepcións, as accións son transmisibles libremente e outórganlle dereitos económicos (participación en beneficios) e políticos (votar na xunta xeral de accionistas) ao seu titular, ou ou a accionista.



#### Albará (EIN\_EIE08)

É o documento que expide o vendedor e que acompaña a mercancía cando se entrega.



#### Albará valorado (EIN\_EIE08)

É o que se emite cando o comprador non esixe factura e a compra se efectúa ao contado. Engádenselle os requisitos legais esixidos ás facturas: descrición da mercancía, prezos, IVE etc.



### 1.3.2 Bloques de cada unidade didáctica

E si nos centramos no bloque de cada unidade didáctica, observará que está estruturada en cinco seccións.

- Orientacións.
- Contidos.
- Actividades de tutoría colectiva.
- Recursos.
- Avaliación.

#### Unidade didáctica 1

##### UD 1. A iniciativa emprendedora

**Orientacións.**

- Orientacións para o alumnado. UD01.

**Contidos.**

- UD01. A iniciativa emprendedora.

**Actividades de tutoría colectiva.**

- Actividades presenciais da UD1 na tutoría colectiva.

**Recursos.**

- Foro para UD01.
- Mapa conceptual para UD01.
- UD01. Versión imprimible.
- Recursos complementarios UD01.

**Avaliación.**

- Tarefa para a UD01.
- Examen de la UD01.

### Orientacións

É un documento en que se explican algúns detalles que debe ter en conta á hora de seguir a unidade didáctica.

#### UD01. A iniciativa emprendedora

##### Orientacións para o alumnado

Con esta unidade comezas o módulo Empresa e Iniciativa Emprendedora. Mergullaraste no mundo do emprego por conta propia e adquirirás os coñecementos básicos que che permitan avanzares na comprensión das seguintes unidades. Vas comprender que a necesidade e a utilidade de desenvolver a capacidade emprendedora é hoxe en día unha cuestión fundamental.

Nos últimos anos, comezouse a falar de "emprendizaxe", unha mestura dos termos emprender + aprendizaxe; é dicir, trátase de transmitirche a idea de que a capacidade de innovar e de levar a cabo novos proxectos non depende de ningunha característica ou talento natural, trátase máis ben dunha actitude, dunhas habilidades e duns coñecementos que poden adquirirse, que poden aprenderse.

**EMPRENDER-APRENDIZAXE**

Trataremos de romper o automatismo de pensar no traballo por conta aliea como única alternativa, e facer que reflexiones e explores a idea do traballo por conta propia.

#### Datos xerais da unidade didáctica

Nome completo do MP	Empresa e Iniciativa Emprendedora.	Siglas MP	EIE
Nº e título da UD	1.- A iniciativa emprendedora.		
	1.- A iniciativa emprendedora. 1.1.- Que é? 1.2.- Barreiras para emprender. 1.3.- A necesidade.		

## Contidos

Aquí é onde vai atopar o groso da unidade didáctica, no que, organizado en apartados e subapartados, atópase o desenvolvemento da unidade xunto con actividades, elementos didácticos moi variados e recomendacións para o seu aproveitamento.

UD01. A iniciativa emprendedora.

Modo revisión

1.1. Que é?

crecemento\*

"A co ac No ca ed pr

1.1. Que é?

- 1.1. Que é?
- A iniciativa emprendedora
- 1.2. As barreiras para emprender
- 1.3. A necesidade
- 2. A persoa emprendedora
- 2.1. Que far?
- 2.2. Características
- 2.3. Emprendedores e emprendedoras sociais
- 3. A idea de negocio
- 3.1. Detectar oportunidades
- 3.2. Características
- 3.3. Xerando ideas
- 3.4. Selección de ideas
- 3.5. Oportunidades no sector
- 3.6. Perspectivas de futuro
- 4. A actividade emprendedora
- 4.1. Os obxectivos (I)
- 4.2. Os obxectivos (II)

Empresario do Ministerio de Industria

**Citas para pensar**

"Se procuras resultados distintos, non fagas sempre o mesmo".

Albert Einstein

Nos contidos atopará elementos de estudo moi diversos, o glosario, exercicios de autoavaliación, ligazóns, imaxes, etc.

## Actividades de titoría colectiva

Nesta sección existe un único foro no que o profesorado do módulo profesional describirá as actividades presenciais que se realizarán cada semana no horario reservado á titoría colectiva e, de ser o caso, a documentación complementaria.

Actividades presenciais da UD1 na titoría colectiva.

Neste foro, o profesorado do módulo profesional describirá as actividades presenciais que se realizarán en cada semana no horario reservado á titoría colectiva, e de ser o caso, a súa documentación complementaria.

Engadir un novo tema de debate

Debate

Actividade presencial do 16 de novembro.

Comezado por

Último comentario ↓

Respostas

0


## Recursos

Co fin de aproveitar ao máximo as posibilidades que nos ofrece a formación a través de internet, habilitouse un foro para cada unidade didáctica no que vai realizar moitas das actividades de aprendizaxe, acompañado do mapa conceptual da unidade, unha colección de ligazóns de internet sobre o tema e unha versión imprimible dos contidos, por se a necesita. O uso do foro pódoo ver detallado máis adiante no anexo 3.



## Mapa conceptual

É un esquema en que se detalla o contido da unidade didáctica de forma que cada elemento vén descrito de xeito gráfico. Trátase dun gráfico en que os nodos están enlazados por frases.



## Ligazóns externas

Xa aparecen na sección de contidos, pero pensamos que pode resultar útil telas todas xuntas para facilitar a navegación. Pódeas atopar baixo os epígrafes *Debe coñecer* (que son necesarios para completar a materia e, xa que logo, obrigatorios), *Para saber máis* (que invitan a afondar no tema e pode consideralos optativos) e outros como *Sabía que* ou *Reflexione* que tamén poden levar ligazóns externas á plataforma.

## Versión imprimible

Non é máis que unha compilación de todos os contidos nunha soa ventá, co fin de facilitar a impresión de todos ou de parte deles. Trátase dunha versión totalmente operativa que lle pode resultar moi útil a parte do alumnado.

### A iniciativa emprendedora

#### Caso práctico



Os protagonistas do caso chámanse **Sofía** e **Alexandre**. Eles acompañarante ao longo de toda a unidade. Agardamos e desexamos que algún día sexa o teu nome o que apareza e que sexas ti quen experimentes e "vivas" unha historia similar.





O estudo desta unidade, a primeira do módulo, permitirache responder ás seguintes cuestións:

- ✓ Que é a iniciativa emprendedora? Por que é unha necesidade iso de emprender?
- ✓ Pode emprender calquera persoa ou debe contar cunhas características determinadas?
- ✓ Cal será a túa idea de negocio e como a avaliarás e seleccionarás? Que ideas de negocio son viables no teu sector profesional?
- ✓ Que implicacións ten unha actividade emprendedora? Obxectivos, estratexias, riscos?
- ✓ Que é un plan de empresa e cales son as súas partes principais?



## Avaliación

Aquí vai atopar os dous instrumentos básicos que o seu titor ou a súa titora van utilizar para a cualificación da unidade didáctica:

## Exame

Trátase dunha proba con dez preguntas de tipo test, sobre o contido da unidade didáctica, que se avalía automaticamente no momento en que prema no botón Enviar. Más adiante, no anexo 1, ha atopar unha explicación sobre como realizar o exame.

The screenshot shows a web interface for an exam. At the top, there is a navigation bar with 'A DISTANCIA' and 'Galego (gl)'. Below the bar, the title 'Empresa e iniciativa emprendedora.' is displayed, followed by a breadcrumb trail: 'Taboleiro / Cursos / Servizo de Ordenación e Formación Profesional / Rematados / EIE / Unidade didáctica 1 / Examen de la UD01.' The main content area contains two questions. Question 1 asks if a statement about revenue and expenses is true or false. Question 2 asks to identify a differentiating strategy for a computer equipment company. On the right, there is a 'Navegación da proba' section with buttons for questions 1 through 9 and a 'Finalizar intento ...' button.

## Tarefa

Contén un exercicio que debe desenvolver baseándose no tratado durante a unidade didáctica, que debe enviar á titoría, para que poida cualificalo e avalialo. Máis adiante atopará o anexo 1, no que se explica o proceso para entregar a tarefa.

The screenshot shows a web interface for a task. At the top, there is a navigation bar with 'A DISTANCIA' and 'Galego (gl)'. Below the bar, the title 'Empresa e iniciativa emprendedora.' is displayed, followed by a breadcrumb trail: 'Taboleiro / Cursos / Servizo de Ordenación e Formación Profesional / Rematados / EIE / Unidade didáctica 1 / Tarefa para a UD01.' The main content area is titled 'Tarefa para a UD01.' and contains the following text: 'TAREFA UD01', 'Enunciado:', 'A tarefa que vas realizar nesta unidade de traballo consta das tres actividades:', a list of three activities, 'ACTIVIDADE 1. OBSERVANDO A COMPETENCIA "UNHA PARA TODOS... E TODAS PARA UN"', instructions for creating a directory of companies, 'Como o imos facer?', a list of two tasks, 'ACTIVIDADE 2. SELECCIONANDO A IDEA DE NEGOCIO', and instructions for selecting a business idea. The interface is clean and professional, with a blue header and clear typography.

O curso é interactivo e a participación do alumnado é imprescindible, centrándose na entrega de tarefas, a realización de exames e a intervención nos foros, que van ser precisamente as súas actuacións principais no curso.

## 2. Anexos

### 2.1 Anexo 1. Entrega de tarefas

A tarefa é o principal elemento avaliador dunha unidade didáctica, na que debe demostrar que asimilou correctamente todos os seus contidos e as súas capacidades. O habitual é que a realice no seu equipamento e xere un único ficheiro, que terá que subir á plataforma.

apelido1\_apellido2\_nome\_UD02\_tarefa

Asegúrate de que o nome non contén a letra ñ, nin acentos, nin caracteres especiais, e envíao á plataforma a través dun pequeno formulario que se atopa na parte inferior desta páxina.

Así por exemplo, o nome do arquivo para a alumna **Eva Fernández Señor** que vai a entregar a tarefa desta unidade, sería:

Fernandez\_Senor\_Eva\_UD02\_tarefa

Estado da entrega

Estado da entrega	Sen intentos
Estado das cualificacións	Sen cualificar
Última modificación	-
Comentarios a entrega	<a href="#">▶ Comentarios (0)</a>

Engadir entrega

Vostede aínda non fixo ningunha entrega

O envío da tarefa á plataforma realízase desde o formulario (co botón *Engadir entrega*) que atopará na parte inferior do propio enunciado da tarefa, sempre e cando estea aberto o prazo de entrega.

Cando conclúa o ficheiro que vaia enviar, acceda ao curso na Aula virtual e diríxase directamente á tarefa. Nesta páxina debe premer no botón *Engadir entrega* e buscar o ficheiro no seu equipamento. Pode arrastralo e soltalo directamente na área indicada.

apelido1\_apellido2\_nome\_UD02\_tarefa

Asegúrate de que o nome non contén a letra ñ, nin acentos, nin caracteres especiais, e envíao á plataforma a través dun pequeno formulario que se atopa na parte inferior desta páxina.


Así por exemplo, o nome do arquivo para a alumna **Eva Fernández Señor** que vai a entregar a tarefa desta unidade, sería:

Fernandez\_Senor\_Eva\_UD02\_tarefa

Entregas de ficheiros

Tamaño máximo dos ficheiros: 5MB, número máximo de ficheiros: 1

Ficheiros



Arrastre e solte aquí os ficheiros para enviar.

Gardar os cambios

Cancelar

Logo de seleccionar o ficheiro que queira enviar, debe premer no botón *Gardar os cambios* que atopará xusto debaixo.

Así por exemplo, o nome do arquivo para a alumna **Eva Fernández Señor** que vai a entregar a tarefa desta unidade, sería:

**Fernandez\_Senor\_Eva\_UD02\_tarefa**

Entregas de ficheiros Tamaño máximo dos ficheiros: 5MB, número máximo de ficheiros: 1


Ficheiros

  
Fernandez\_Se...

Gardar os cambios Cancelar

Despois de premer no botón de *Gardar os cambios* aparecerá información do estado da entrega.

Estado da entrega

Estado da entrega	versión preliminar (non entregada)
Estado das cualificacións	Sen cualificar
Última modificación	Mércores, 9 de Setembro de 2020, 6:25
Entregas de ficheiros	 Fernandez_Senor_Eva_UD02_tarefa.odt 9 de Setembro de 2020, 6:25
Comentarios a entrega	<a href="#">Comentarios (0)</a>

Editar entrega Retirar a entrega

Aínda pode facerlle cambios á súa entrega

Entregar tarefa

Unha vez que se entregou a tarefa non poderá facer máis cambios.

Nalgún caso pode ser necesario que confirme a súa entrega, nese caso, deberá premer no botón *Entregar a tarefa*.

Neste caso pediráselle unha confirmación final da entrega.

Confirmar entrega

Confirma que quere entregar o seu traballo para cualificación? Non poderá facerlle máis cambios.

Continuar Cancelar

## 2.2 Anexo 2. Realización de exames

Os exames consisten en dez preguntas seleccionadas aleatoriamente do banco de preguntas da unidade de traballo, e cualifícanse automaticamente no momento do seu envío.



The screenshot shows the exam interface for 'Empresa e iniciativa emprendedora'. At the top, there is a blue header with 'FP A DISTANCIA' and 'Galego (gl)'. Below the header, the breadcrumb trail reads: 'Taboleiro / Cursos / Servizo de Ordenación e Formación Profesional / Rematados / EIE / Unidade didáctica 1 / Examen de la UD01'. The main content area contains two questions:

**Pregunta 1**  
Ainda non respondido  
Puntuado fóra de 1,00  
Y Marcar a pregunta

Indica se a seguinte afirmación é verdadeira ou falsa: A previsión de tesourería recolle os ingresos e os gastos xerados na empresa durante un período de tempo determinado.

Seleccione unha:

- a. Verdadeiro.
- b. Falso.

**Pregunta 2**  
Ainda non respondido  
Puntuado fóra de 1,00  
Y Marcar a pregunta

Dell é unha empresa de equipos informáticos que ofrece a posibilidade de que cada cliente configure os compoñentes do seu ordenador ao seu gusto, polo que se adoita dicir que non existen dous iguais. Que estratexia de diferenciación seguiu esta empresa? Señala a resposta correcta.

Seleccione unha:


- a. Mellora da súa vantaxe competitiva a través da calidade dos seus produtos.
- b. Mellora da súa vantaxe competitiva a través da redución de custos.
- c. Ningunha das anteriores.
- d. Personalización do produto.

On the right, there is a 'Navegación da proba' panel with buttons for questions 1 through 9, a '10' button, and a 'Finalizar intento ...' link.

Ao acceder ao exame verá unha serie de preguntas que debe responder. Unha vez remada a proba debe premer o botón *Seguiente*.

### Empresa e iniciativa emprendedora.

Taboleiro / Os meus cursos / EIE / Unidade didáctica 1 / Examen de la UD01. / Resumo do intento



The screenshot shows the 'Resumo do intento' (Attempt Summary) for 'Examen de la UD01'. It features a table with the following data:

Pregunta	Estado
1	Resposta gardada
2	Resposta gardada
3	Resposta gardada
4	Resposta gardada
5	Resposta gardada
6	Resposta gardada
7	Resposta gardada
8	Resposta gardada
9	Resposta gardada
10	Resposta gardada

Below the table, there are two buttons: 'Volver a intentar' and 'Entregar todo e finalizar'. On the right, there is a 'Navegación da proba' panel with buttons for questions 1 through 9, a '10' button, and a 'Finalizar intento ...' link.

Apareceralle un resumo do seu intento, tendo a posibilidade de modificar as respostas antes do seu envío. Para finalizar a proba debe premer o botón *Entregar todo e finalizar*. Nese momento o sistema, de xeito automático, daralle o resultado.

<b>Arrancado o</b>	Mércores, 9 de Setembro de 2020, 6:32
<b>Estado</b>	Finalizada
<b>Concluído o</b>	Mércores, 9 de Setembro de 2020, 6:34
<b>Tempo levado</b>	2 mins 48 segs.
<b>Cualificación</b>	3,00 sobre 10,00 (30%)

Navegación da proba  

1	2	3	4	5	6	7	8	9
10								

Finalizar revisión

**Pregunta 1**  
Incorrecto  
Puntuación: 0,00 sobre 1,00  
1. Marcar a pregunta

A empresa cumpre unha función esencial na economía dun país, porque...

Seleccione unha:

- a. Vende factores produtivos aos consumidores a cambio dunha renda.
- b. Compra os produtos e os servizos que se ofrecen no mercado de bens e servizos.
- c. Ningunha das anteriores é correcta.
- d. Contrata e utiliza os factores de produción e, pola súa vez, produce e vende bens e servizos.

✘

A resposta correcta é: Contrata e utiliza os factores de produción e, pola súa vez, produce e vende bens e servizos.

**Pregunta 2**  
Incorrecto  
Puntuación: 0,00 sobre 1,00  
1. Marcar a pregunta

O piace en Inglés fai referencia:

Seleccione unha:

- a. Ningunha das anteriores é correcta.
- b. As accións que desenvolve a empresa para incrementar as vendas.
- c. Á localización da empresa ou ao lugar onde se sitúan as instalacións.
- d. Ás canles de distribución do noso ben ou servizo.

✘

A resposta correcta é: Ás canles de distribución do noso ben ou servizo.

**Pregunta 3**  
Correcto  
Puntuación: 1,00 sobre 1,00  
1. Marcar a pregunta

Indica se a seguinte afirmación é verdadeira ou falsa: A previsión de tesorería recolle os ingresos e os gastos verados na empresa durante un período de tempo determinado.

Seleccione unha:

- a. Verdadeiro.
- b. Falso.

✔

A resposta correcta é: Verdadeiro.

## 2.3 Anexo 3. Intervención nos foros

O foro será o medio de comunicación habitual co resto de membros do curso (profesorado ou alumnado), polo que é de vital importancia que o utilice con frecuencia e de xeito correcta.

O foro de noticias, que se atopa na parte superior do curso e fóra de calquera unidade, é só para notificacións que a titoría faga para o grupo, de modo que non pode participar nel. Pola contra, os foros que atopará en cada unidade didáctica destínanse á comunicación do alumnado entre si e co profesorado, de modo que é posible abrir temas (ou fíos) e participar engadindo comentarios aos que crearan os seus compañeiros ou a titoría.

Cando alguén publique no foro, pode ler a súa mensaxe de xeito similar a como se representa na imaxe.

Foro para UD01.

Aclaración sobre o concepto de emprendemento

[⚙️ Ajustes](#)

Presentar respostas de forma anñada

**Aclaración sobre o concepto de emprendemento**

por [User] - Mércores, 9 de Setembro de 2020, 6:39

Boas a todas e todos:

Alguén me podería aclarar o concepto de emprendemento?

Moitas grazas e saúdos.

[Ligazón permanente](#)   [Responder](#)

Se ten algo que engadir, que puntualizar ou sobre o que pedir aclaración, abonda con premer a ligazón *Responder* na parte inferior dereita, que lle permitirá escribir a súa resposta nun cadro de texto.

Escriba a súa resposta...

Entrega
Cancelar
Avanzado

Premendo na ligazón *Avanzado* debaixo do cadro de texto da resposta aparecerá un formulario en que ademais de engadir o texto da súa intervención, pode anexar ficheiros. Para publicar a súa resposta debe premer no botón *Comentar no foro*.

▼ A súa resposta ▼ Contraer todo

Tema ❗ Re: Aclaración sobre o concepto de emprendemento

Mensaxe ❗

Subscripción ao debate 🔔

Anexo 📎 Tamaño máximo dos ficheiros: 5MB, número máximo de ficheiros: 1

Ficheiros

Arrastre e solte aquí os ficheiros para enviar.

▼ Etiquetas

Etiquetas Non hai selección

Escriba as etiquetas separadas por comas ▼

[Comentar no foro](#) [Cancelar](#)

Neste formulario hai campos obrigatorios marcados con ❗

Logo verá a súa resposta á mensaxe orixinal, na ventá seguinte. Lembre que tras publicar nun foro, ten uns quince minutos antes de que quede definitivamente publicado, para facer cambios (por exemplo, corrixir esa palabra que sempre escapa); para iso abonda con premer sobre a ligazón *Editar*. Tamén ten a opción de *Eliminar* se se arrepiante desa opinión no último momento.

Presentar respostas de forma aniñada ▼

**Aclaración sobre o concepto de emprendemento**  
por [usuario] - Mércores, 9 de Setembro de 2020, 6:39

Boas a todas e todos:  
Alguén me podería aclarar o concepto de emprendemento?  
Moitas grazas e saúdos.

[Ligazón permanente](#) [Responder](#)

**Re: Aclaración sobre o concepto de emprendemento**  
por [usuario] - Mércores, 9 de Setembro de 2020, 6:49

Exemplo de resposta a un debate dun foro.

[Ligazón permanente](#) [Amosar pai](#) [Editar](#) [Eliminar](#) [Responder](#)

Do mesmo xeito, pode abrir un novo tema (ou fío) premendo no botón *Engadir un novo tema de debate* da páxina principal do foro.

## Foro para UD01.



Dámosche a benvida ao foro da unidade didáctica!

Este será o lugar no que debes expor dúbidas ou achegas ao curso sobre esta unidade didáctica. É importante xa que calquera membro da comunidade educativa pode acceder a el e todas/os podemos aprender das dúbidas expostas por outros/as compañeiros/as, mesmo é posible que a varias persoas se lles presenten os mesmos problemas e iso adoita facilitar a súa resolución.

Engadir un novo tema de debate

Debate	Comezado por	Último comentario ↓	Respostas	Subscribirse
☆ Aclaración sobre o concepto de emprendemento	9 de Set de 2020	9 de Set de 2020	1	<input checked="" type="checkbox"/>